

Lectura de textos - LG

A [Biblioteca Nacional de España](#) celebra a sexta edición do Día das Escritoras, unha iniciativa que a BNE organiza en colaboración coa [Federación Española de Mulleres Directivas, Ejecutivas, Profesionales e Empresarias](#) (FEDEPE) e coa [Asociación Clásicas e Modernas](#) co obxectivo de reivindicar o labor e o legado das escritoras ao longo da historia.

Nesta sexta edición, o tema elixido é **Ler as idades da vida**, en torno ao cal xira a selección dos textos e as autoras. Desde a Biblioteca Escolar sumámonos á celebración, uníndonos así á iniciativa das Bibliotecas Escolares de Galicia. Coa lectura deste texto, homenaxeamos este 18 de outubro a estas autoras:

Xela Arias (Sarria, 1962- Vigo, 2003)

Poeta, tradutora, editora, correctora de estilo na editorial Xerais, colaboradora na prensa e profesora. As súas obras poéticas son:

- *Denuncia do equilibrio*, 1986
- *Intempériome*, 2003
- *Tigres coma cabalos*, 1990
- *Xela Arias. Poesía reunida (1982-2004)*, 2018
- *Darío a diario*, 1996

Nesta última obra recóllense os catro libros que publicara en vida e moita outra obra dispersa en xornais, revistas, recitais e publicacións variadas que foron aparecendo despois da súa morte. A selección e edición correu a cargo da crítica María Xesús Nogueira.

A súa única obra narrativa, **Non te amola! Foi** publicada neste ano 2021 pola editorial Galaxia para homenaxeala no Día das Letras Galegas, e dela tiramos este fragmento:

TEXTO 1: De *Non te amola!* Ed. Xerais, 2021. «Vou ser vella»

«Vou ser vella. De nena quedame pouco. Oínllelo dicir ás miñas tías: “¡Como pasa o tempo! Nun visto e non visto, agora a nena logo se ha facer muller. ¿Que lle poden quedar? ¿Un ano, ou dous? E parece que foi onte cando naceu, coma se fose onte...”

Si. É terrible.

Converterse en muller é converterse en adulto. Certamente recoñezo que non teño présa ningunha. Ademais, paréceme bastante perigoso ser adulto.

Xa te pode deter a Policía. E levarte ao cárcere.

Gañar non sei se vou gañar algo.

Porque, ¿que non fago agora que poderei facer?

Nada especial.

Eu xa teño un salario. Dous.

Teño dous salarios, porque meu pai dáme unha paga por enviar os xornais do día aos avós. E miña nai págame a fin de mes por lle axudar na casa, especialmente cos vidros.

Conta no banco tamén xa teño. Gardo o que me dan os tíos. Ás veces, é certo, pero case sempre.

Non sei. Ao mellor podo chegar máis tarde cando saio polo serán. Iso si.

E mercar a roupa toda que me gusta sen atender a que para cambiar de abrigo haberá que gastar o que teño. Porque se me aburre o abrigo, e aínda queda diñeiro no banco, ¿que narices vou apandar se me parece horrible? ¿Ou non é certo, acaso?

Se me fago muller...

¿Fareime muller de repente? ¿Así, dun día para outro?

Estaremos todos no comedor, rematando a cea, e de repente vou eu e érgome. Dirá miña nai:

— ¿Ti non sabes que un non se ergue da mesa sen deixar o prato baleiro? E direi eu:

— Oes, mamá, déixame en paz. Desde agora mesmo son unha muller. Así que me vou peitear. Chao.

Miña nai ollará para meu pai. Quedarán os dous calados e asustados, agardando a ver que pasa.

Eu collo a cazadora e digo:

— Dádeme as chaves por se durmides cando volva. O pai furgará no peto.

— E... ¿e logo a onde vas?

— ¿Onde vou ir? ¿Onde se vai palas noites? Á disco, está claro.

— ¡Ah! —darame as chaves e eu sairei pola porta.

Eles sentados alí, arredor da mesa:

— Pois xa está, si señor, xa está. Pois si. A nena fíxose muller. Pois si.

Meus irmáns quedarán a rabiar.

E para meus pais..., ¿estarán felices ou quedarán máis tristes?»



Xela Arias

Concello de Redondela



TEXTO 2:

Neste segundo texto fálase de Xela e da súa importancia nas letras, da súa defensa da lingua galega e do feito de escribir. Este texto foi publicado no xornal *Nós Diario*, o 14 de maio de 2021, pola tamén escritora galega Marta Dacosta, unha das nosas poetas actuais máis destacadas, sempre combativa e defensora tamén da lingua e da creación en galego.

Marta Dacosta Alonso (Vigo, 1966) comezou a publicar poesía na década de 1980, a través de colaboracións en diferentes revistas. O seu primeiro libro publicouse en 1993. Recibiu o accésit do premio Esquíu e os premios González Garcés, Martín Codax, O Figurante e Johán Carballeira, entre outros. A súa obra foi recollida en antoloxías e traducida a varias linguas, sendo musicados algúns dos seus poemas ou incorporados a proxectos teatrais. Algunhas obras poéticas destacadas: *Crear o mar en Compostela*, *Pel de ameixa*, *Setembro*, *En atalaia alerta*, *As Amantes de Hamlet*, *Cinsa*, *Acuática alma*, *Argola*, *Na casa da avoa*, *Labirinto ou memoria* e a última publicada, *Notas sobre a extinción*.



Marta Dacosta, no *Diario Digital*

«Xela, lingua» (Artigo de opinión en *Nós diario*)

«*Eu creo que en Galicia debíase falar sempre en galego*». Así respondía Xela Arias con tan só once anos ao ser entrevistada polo Faro de Vigo en maio de 1973. Acababa de gañar o seu primeiro premio literario, o de contos do Facho, co texto titulado: *“A fraga dos paxaros faladores. A fraga leopárdica”*. Non era o primeiro conto que escribía, pois, segundo lemos hoxe, a nena xa xogaba co seu irmán a escribir e competía con el para ver quen lía máis e antes. De feito, en *Non te amola!* a nena de 9 anos que nos fala desde o relato, conta deses hábitos.

Xela era unha nena galego falante, mais iso non sería suficiente para hoxe estarmos nós a lle celebrar as letras. Foi tamén galego amante e fixo da lingua o fulcro ao redor do cal xirou a súa vida, coa mesma determinación que aproveitou cada cambio legislativo para acadar o seu nome tamén nos documentos oficiais.

Cando lemos *Non te amola!* situado na infancia e escrito en plena madurez, percibimos o apego á cultura que pariu a lingua e gozamos da expresión e do léxico de cada páxina, un idiolecto literario que non perdeu o pouso lucense malia os anos transcorridos en Vigo. Xustamente a lingua aprendida na casa de Sarria daríalle a oportunidade de vivir pegada aos libros ao se converter na primeira traballadora de Xerais. E igual que se suceden os elos dunha cadea traduciu, creou e publicou colocando páxinas e máis páxinas na nosa lingua.

No final da década dos 80, en entrevistas e antoloxías, deixou constancia de que consideraba que escribir en galego era un exercicio de francotiradores, un diagnóstico que a impelía a reclamar máis espazo para a nosa literatura, *“poderíase crear un ámbito máis aberto no que a xente entrase”*. Tamén deixou dito, como declaración de principios, que ela nunca cambiaría de lingua por moitas portas que se lle pechasen por escribir neste noso idioma. Porque, como manifesta na revista Congostra: *“Escribo en galego porque estou aquí e, desde logo, Galicia pertence, aínda, aos derrotados”*.»

